



ANUNCIO DA LICITACIÓN DO GALP7
PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INFORMES POR
PERITO INDEPENDENTE PARA PROXECTOS DE OBRAS PRESENTADOS AO ABEIRO DA
EDLP DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO- A
GUARDA

ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Vigo – A Guarda (GALP7) CIF: G-36000510
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Ría de Vigo -A Guarda
Persoa de contacto	María Elena Herbello Puentes. Xerente do GALP7
Obtención de documentación e información	▪ Enderezo: Avda. Beiramar, 49, 3º, oficina 5 (Vigo). ▪ Teléfonos: 986358109 / 646873106 ▪ Correo electrónico: galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal ▪ Web do contratante: https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions
Data de publicación do anuncio	2 de outubro de 2023
Data e hora límite de obtención de documentación e información	Ata as 14:00 horas do 9 de outubro de 2023

1. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

Tramitación		☒ Ordinaria ☐ Urxente	
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)		☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados.	
Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non	Subdivisión en lotes	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga	☒ Si ☐ Non	Revisión de prezos	☐ Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP ☒ Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	☐ Si ☒ Non	Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non



2. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Tipo de contrato	Contrato de Servizos
Descrición da licitación	O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de “ Elaboración de informes por perito independente para proxectos de obra presentados ao abeiro da EDLP do GALP7 ” como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Prazo de execución	O período de prestación do servizo comprenderá desde a formalización do contrato (previsiblemente outubro de 2023) a o mesmo día do ano 2024, e dicitr, 12 meses.
Prórrogas	Admítase prórroga do contrato. A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista, se o aviso previo faise cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.
Calendario para a prestación do servizo	Segundo o especificado no apartado 5 do Prego de Prestacións Técnicas (PPT).

3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o especificado no apartado 8 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Criterios avaliáveis de xeito automático	▪ Oferta económica: 80 puntos (puntuación máxima). Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula: $Pi = PM \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$ Pi = Puntuación da oferta a valorar PM = Puntuación máxima do criterio OL = Orzamento de licitación (sen IVE) OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE) Oi = Oferta a valorar (sen IVE) ▪ Experiencia: 20 puntos (puntuación máxima). Experiencia en traballar para entidades que xestionan Fondos Europeos: IFOP, FEP, FEMP, FEMPA (1 punto por ano, ata un máximo de 20 puntos)
Criterios avaliáveis mediante xuízo de valor	Non existen

4. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado total	17.500 €
Orzamento base de licitación anual (sen IVE)	5.250,00 €
IVE anual (21%)	1.102,50 €
Orzamento base de licitación anual (con IVE)	6.352,50 €
Financiamento	Esta contratación financíase polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

**IMPORTANTE: Ante a imposibilidade de prever o número de proxectos dos que é preciso realizar informe (proxectos de construción con orzamento total de execución superior a 100.000 €), estes orzamentos están calculados para 15 proxectos ao ano (350 €/proxecto + IVE) En caso de superar este número, minorarase o prezo dos informes dos mesmos, non podendo superar o orzamento total anual os 5.250 € + IVE. Para novembro e decembro de 2026 faise a previsión de realizar 5 informes (350 €/informe). En caso de superar ese número, minorarase o prezo dos informes, non podendo superar o orzamento total para eses meses en 1.750 € + IVE.*

5. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

Solvencia económica e financeira	Segundo o especificado no apartado 3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
Solvencia técnica e profesional	Segundo o especificado no apartado 3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
Outros requisitos de cumprimento obrigado	Segundo o especificado no apartado 4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	Por correo certificado enviado á sede do GALP Ría de Vigo – A Guarda, situada na seguinte dirección: Avda. Beiramar, 49, 3º oficina 5 (Vigo). Debe acreditarse a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.
Prazo de presentación	O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 5 días hábiles (9 de outubro de 2023) contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación na páxina web do GALP Ría de Vigo – A Guarda: https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions . Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte. Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados: - SOBRE A: Declaración Responsable (*) da persoa ou entidade licitante (segundo o modelo do Anexo II do PCAP), compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e a declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (segundo o modelo do Anexo III do PCAP) e declaración de solvencia técnica. <i>(*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.</i> - SOBRE C: Oferta económica e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliábeis de xeito

GALP Ría de Vigo-A Guarda



**Financiado
pola Unión Europea**

	automático, mediante fórmulas ou porcentaxes (segundo o modelo do Anexo IV). A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante. As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.
Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante está obrigada a manter a súa oferta	Dous (2) meses contados desde a data de apertura de proposicións.

7. APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Avenida Beiramar 49, 3º, oficina 5 (Vigo)
Data e hora	Publicarase na web https://galp.xunta.gal/licitacions a data e a hora da apertura das ofertas.

8. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- Prego de Cláusulas Administrativas e Particulares (PCAP).
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

En Vigo, a 2 de Outubro de 2023.



**Financiado
pola Unión Europea**

GALP Ría de Vigo-A Guarda